

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 28 de decembro de 2017 pola que se autoriza o cambio de denominación do centro de ensinanzas deportivas Pontillón do Castro, de Verducido, do concello de Pontevedra.

O representante da Federación Galega de Piragüismo solicita o cambio da denominación específica do centro de ensinanzas deportivas Pontillón do Castro, de Verducido-Pontevedra, para pasar a denominarse Jesús Morlán Fariña.

O Decreto 410/2003, do 6 de novembro, regula os requisitos e o procedemento para a autorización a centros privados e a centros públicos que non sexan de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para impartir ensinanzas de técnicos deportivos na Comunidade Autónoma de Galicia; norma desenvolvida polas ordes desta consellería do 12 de abril e do 23 de abril de 2004, nas que se determinan o procedemento de autorización e os requisitos mínimos dos espazos administrativos e docentes xenéricos cos que deben contar estes centros.

Por isto, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación de ensinanzas*

Autorizar o cambio da denominación específica do centro autorizado de ensinanzas deportivas (CAD) Pontillón do Castro pasando a denominarse Jesús Morlán Fariña, código do centro: 36024975, con domicilio na rúa Gavián, s/n de Verducido, do concello de Pontevedra.

Artigo 2. *Inscripción no rexistro de centros*

Esta orde dará lugar á correspondente inscrición no Rexistro de Centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o



disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

